

ORDENANZA FISCAL NUMERO 12

TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL CON MESAS, CADEIRAS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS CON FINALIDADE LUCRATIVA.

Artigo 1. OBXECTO E AMBITO DE APLICACIÓN.

De conformidade co que se prevé nos **artigos 20 e seguintes e 57 do RD 2/2004, do 5 de marzo**, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de facendas locais, establécese a taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras e outros elementos análogos con finalidade lucrativa.

Artigo 2. FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible desta taxa o aproveitamento das vías e terreos de uso público mediante a ocupación con mesas, cadeiras, veladores e calquer outros elementos de natureza análoga, con finalidade lucrativa.

Artigo 3. OBRIGA DE CONTRIBUÍR E DEVENGO.

A obriga de contribuír nace pola simple existencia ou instalación na vía pública ou terreos de uso público de calquera dos elementos indicados no **artigo 2**, producíndose nos momentos seguintes:

- Cando se trate de concesións de novos aproveitamentos da vía pública, no momento de solicitar a correspondente licenza.
- Cando se trate de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, o devengo será periódico e coincidirá co ano natural e terá lugar o primeiro día do citado período impositivo.
- Para o caso de concesións de altas ou baixas que non coincidan co ano natural, a taxa prorratearase por trimestres naturais.

Artigo 3 bis. Non obstante, non estarán suxeitas á taxa regulada na presente ordenanza as ocupacións que teñan lugar durante os anos 2020 e 2021.

Artigo 4. SUXEITO PASIVO.

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado

susceptible de imposición, a cuxo favor se outorguen as licenzas, ou quen se beneficie do aproveitamento, se se procedeu sen a oportuna licenza.

Artigo 5. SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN OU LICENZA.

1. As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta ordenanza, deberán solicitar, previamente á correspondente licenza no concello con 30 días de antelación como mínimo, á posta en marcha da actividade, declarando a superficie do aproveitamento e os elementos que se van instalar (con inclusión da superficie necesaria para almacenaxe do mobiliario instalado), así como un plano detallado da superficie que se pretende ocupar, da súa situación dentro do municipio.

2. Os servizos técnicos deste Concello comprobarán e investigarán as declaracións formuladas polos interesados, concedéndose as autorizacións de non atopar diferenzas coa petición formulada. Se se desen diferenzas notificaránselles estas aos interesados e xiraranse, no seu caso, as liquidacións complementarias que procedan, concedéndose as autorizacións unha vez subsanadas as diferenzas polos interesados e, no seu caso, realizados os ingresos complementarios que procedan.

3. A Xunta de Goberno Local resolverá sobre as solicitudes formuladas tralo correspondente informe efectuado pola policía local deste Concello.

Artigo 6. CONDICIÓNS DE EMPRAZAMENTO.

As instalacións deberán cumprir as seguintes condicións:

1. Xerais:

- A colocación de veladores e parasois nas vías públicas deberá, en todo caso, respectar o uso común xeral preferente destas. En consecuencia non suporá obstáculo para o tránsito peonil nin poderá prexudicar a seguridade deste ou do tráfico rodado.
- A autoridade municipal competente denegará a solicitude destas instalacións temporais en calquera dos seguintes supostos:
 - Que non permita o paso aos peóns.
 - Que supoña prexuízo para a seguridade viaria (diminución da visibilidade, distracción para o condutor) ou dificulte sensiblemente o tráfico peonil.
 - Que poida incidir sobre a seguridade (evacuación) dos edificios e locais próximos.

- Que impida ou dificulte gravemente o uso de equipamentos ou mobiliarios urbanos (bancos, fontes, cabinas telefónicas, etc).

2. En rúas:

- a) Unicamente se autorizará a colocación de veladores en emprazamentos inmediatos ou razoablemente próximos ao establecemento. Deberá quedar libre para o tránsito peonil en todo caso a metade de anchura da beirarrúa.
- b) Como regra xeral, as terrazas situaranse no espazo da beirarrúa situado á fronte da fachada dos establecementos respectivos. Para o seu emprazamento, excedendo da liña de fachada, deberá acreditarse, ademais, do cumprimento de todas as condicións contidas neste artigo, a non afección aos establecementos fronte aos cales se pretenda colocar.
- c) Excepcionalmente, e cando o Concello considere a súa procedencia, poderanse autorizar ocupacións fóra dos límites establecidos nos **apartados a) e b)**, en cuxo caso, se aplicará aos importes das tarifas incluídas nos **artigos 9 e/ou 10** da presente ordenanza un incremento do 25%.

3. En prazas:

Unicamente se autorizará a colocación de veladores a favor de establecementos con fachada á praza ou acceso público dende ela. O espazo da praza susceptible de utilización para as terrazas, respectando as condicións xerais arriba expresadas e que en ningún caso excederá do 60% da superficie peonil total, distribuirase entre todos os solicitantes en función do seu número e dos veladores solicitados, en consideración conxunta.

Artigo 7. EFECTOS E NORMAS DE XESTIÓN.

1. Non se consentirá a ocupación da vía pública ata que se teña aboado o importe da taxa e se obtivese a correspondente licenza polos interesados. O incumprimento deste mandado poderá dar lugar á anulación da licenza, sen prexuízo do pago da taxa e das sancións e recargas que procedan.
2. Unha vez autorizada a ocupación, entenderase prorrogada mentres non se acorde a súa anulación pola alcaldía ou se presente baixa polo interesado ou polos seus lexítimos representantes en caso de falecemento.

3. A presentación da baixa surtirá efectos a partir do día primeiro do trimestre seguinte á súa presentación. Sexa cal sexa a causa que se alegue en contrario, a non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.
4. As autorizacións terán carácter persoal e non poderán ser cedidas ou subarrendadas a terceiros; o seu incumprimento dará lugar á anulación da licenza.
5. As variacións nos elementos obxecto da autorización (m² de ocupación, emprazamento, titularidade da explotación económica, etc) deberán ser comunicadas ao Concello no momento en que se produzan. Nos supostos de cambio de titularidade nas explotacións económicas entenderase que o novo titular se subroga nas condicións autorizadas na anterior, salvo que lle solicite ao Concello a súa modificación ou a baixa da autorización.

Artigo 8. BASE IMPOÑIBLE.

Para os efectos da presente ordenanza tomarase como base imponible a superficie ocupada polos aproveitamentos expresada en metros cadrados, e entenderase, en xeral, por terraza, aquela zona de solo de dominio público, susceptible de aproveitamentos relacionados con actividades propias da hostalaría, mediante a colocación de mesas, cadeiras e outros elementos análogos, como zona de extensión ou ampliación da actividade que se exerce dentro dos ditos establecementos. As ditas instalacións terán, en todo caso, carácter anual.

Artigo 9. CONTÍA E TARIFAS.

1. A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a fixada nas tarifas contidas no apartado seguinte, atendendo á superficie ocupada polos aproveitamentos expresada en metros cadrados e á categoría da rúa.

2. As tarifas da taxa serán:

a)Categoría I:.....**40€ m²/ano.**

b)Categoría II:.....**30€ m²/ano.**

c)Categoría III:.....**20€ m²/ano.**

3As categorías das rúas quedan establecidas da seguinte forma:

a)De categoría I:

Praza Santa María
Praza Constitución
Praza Coronel Pena
Praza San Xoán
Rúa do Muíño
Praza Suso Gaioso
Rúa Sol
Rúa Porta Decima
Rúa Pepes
Rúa Concepción Arenal
Rúa Basanta Silva
Rúa Valeriano Valdesuso
Rúa da Pravia
Rúa Plácido Peña ata rúa Cidade de Viveiro
Alameda Basanta Olano

b) Categoría II:

Rúa Plácido Peña dende rúa Cidade de Viveiro
Rúa Campo de Puente
Rúa de Galicia
Rúa Cidade de Lugo
Avda. Terra Chá
Rúa Guitiriz
Rúa de Betanzos
Rúa Conde Pallares

Rúa de Mondoñedo
Rúa Xosé M ^a Chao Ledo
Rúa Cidade de Viveiro
Rúa Doutor Domingo Goás
Rúa Novo Cazón
Rúa Óscar Nevado Bouza
Rúa Alcalde Fraga Bello
Rúa da Feira

c) Categoría III:

Nesta categoría inclúense as rúas que non figuren en ningunha das anteriores.

44. No caso de que o aproveitamento estea situado na confluencia de varias rúas, ou en parques e/ou xardíns, aplicarase a tarifa da categoría superior.

Artigo 10. CONTÍA E TARIFAS POR AMPLIACIÓN.

1. As taxas por ocupación da vía pública que se realicen con ocasión de feiras, festexos, actividades deportivas e análogas, cando esta ocupación supoña un exceso sobre a autorización concedida, incrementanse cos prezos detallados na seguinte tarifa, tomando como base tanto os días de ocupación como o día da propia ocupación en metros cadrados e a categoría da rúa.
2. As persoas ou entidades interesadas na concesión da ampliación dos aproveitamentos estarán ao que se dispón no **artigo 5** da presente ordenanza salvo que a licenza deberá solicitarse, polo menos, con 15 de antelación.
3. As tarifas por ampliación da taxa inseriranse a continuación e aplicaranse en función das categorías recollidas no **apartado 3 do artigo 9** da presente ordenanza.

a) Categoría I:.....**2€ m²/día.**

b) Categoría II:.....**1€ m²/día.**

c) Categoría III:..... **0,50€ m²/día.**

4No caso de que o aproveitamento estea situado na confluencia de varias rúas, ou en parques e/ou xardíns, aplicarase a tarifa da categoría superior.

Artigo 11. PERÍODO IMPOSITIVO,DEVENGO E COBRO.

O período impositivo coincide co ano natural, e o devengo, unha vez que sexa autorizada a licenza, será periódico e terá lugar dentro do último trimestre do citado período impositivo, agás nos supostos de alta ou baixa da instalación, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais.

O cobro das taxas terá lugar dentro do último trimestre do período impositivo, tanto para o caso das autorizacións concedidas como para o de ampliacións, de conformidade coas tarifas recollidas, respectivamente, **nos artigos 9 e 10** da presente ordenanza.

Artigo 12. HORARIO.

A instalación de terrazas quedará suxeita ao seguinte horario:

- De domingo a xoves, ambos os dous inclusive, ata a 1:00 h da madrugada.
- Venres, sábados e vésperas de festivos, ata as 2:00 h da madrugada.
- Con ocasión de feiras, festexos, actividades deportivas e análogas, o horario poderase ampliar en media hora.

En ningún caso o horario establecido habilita para exceder do horario máximo de apertura que o establecemento teña autorizado segundo a súa categoría turística.

Non obstante e cando concorran razóns de alteración da pacífica convivencia ou de molestias á veciñanza, o Concello poderá reducir para determinadas zonas o horario anterior e/ou número de instalacións compatibilizando os intereses en xogo.

Artigo 13. OBRIGAS DO TITULAR DA TERRAZA.

1. Será obriga do titular da terraza:

- a) Manter esta e cada un dos elementos que a forman nas debidas condicións de salubridade e seguridade.
- b) Evitar ruídos e molestias aos veciños do entorno, dando bo uso á zona ocupada, ao ser responsable único desta.

- c) Evitar invadir espazos non autorizados nas calzadas ou outras zonas de beirarrúas, pasos e accesos a edificios de vivendas ou establecementos.
 - d) Non se permite almacenar ou amorear produtos, caixas de bebidas ou outros materiais nas terrazas.
 - e) Os titulares das licenzas teñen a obriga de retirar e agrupar, ao termo de cada xornada, os elementos de mobiliario instalado e realizar as tarefas de limpeza necesarias do solo ocupado pola instalación.
 - f) Ao finalizar a vixencia da autorización, o titular ten a obriga de deixar libre o solo ocupado coa instalación, retirando todos os elementos e efectuando unha limpeza xeral.
2. A execución forzosa comportará a inhabilitación, por prazo de 5 anos, para sucesivas autorizacións.

Artigo 14.- RESPONSABILIDADE

- 1) Será responsable solidariamente das obrigas tributarias establecidas nesta ordenanza, toda persoa causante ou colaboradora na realización dunha infracción tributaria. Nos supostos de declaración consolidada, todas as sociedades integrantes do grupo serán responsables solidarias das infraccións cometidas neste réxime de tributación.
- 2) Os copartícipes ou cotitulares das herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado, susceptible de imposición, responderán solidariamente e en proporción ás súas respectivas participacións das obrigas tributarias das ditas entidades.
- 3) Serán responsables subsidiarios das infraccións tributarias simples e da totalidade da débeda tributaria en caso de infraccións graves cometidas polas persoas xurídicas, os administradores daquelas que non realicen os actos necesarios da súa incumbencia para o cumprimento das obrigas tributarias infrinxidas, consintan no incumprimento polos que dependan deles ou adopten acordos que fagan posible as infraccións. Así mesmo, tales administradores responderán subsidiariamente das obrigas tributarias que estean pendentes de cumprimentar polas persoas xurídicas que destituíran nas súas actividades.
- 4) Serán responsables subsidiarios os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, cando por negligencia ou mala fe non realicen as xestións necesarias para o total cumprimento das obrigas tributarias devengadas con anterioridade ás ditas situacións e que sexan imputables aos respectivos suxeitos pasivos.

Artigo 15. CLASIFICACIÓN DAS INFRACCIÓNNS.

As infraccións das normas contidas na presente ordenanza clasifícanse en: leves, graves e moi graves.

1. Faltas leves:

- a) A instalación dunha terraza carecendo da preceptiva licenza municipal sendo susceptible de legalización.
- b) A ocupación de maior superficie da autorizada en menos dun 30%. A dita porcentaxe calcularase sobre o número de veladores autorizados.
- c) A vulneración do réxime horario disposto polo **artigo 8**.
- d) A alteración nas condicións de emprazamento dos elementos instalados especificada na licenza.
- e) e) Todo incumprimento de obrigas e vulneración de prohibicións establecido na presente ordenanza ou contemplado no título autorizador, non cualificado expresamente como falta grave.

2. Faltas graves:

- a) A instalación dunha terraza carecendo da preceptiva licenza municipal e sen posibilidade de legalizar, por contravir as condicións conforme ás cales se conceden este tipo de instalacións.
- b) A reiteración por dúas veces na comisión de faltas leves.
- c) A ocupación de maior superficie da autorizada en máis dun 30% calculada sobre o número de elementos autorizados.
- d) A alteración nas condicións de emprazamento dos elementos autorizados especificada na licenza, cando diso se derive grave prexuízo para o interese público ou para terceiros.

3. Faltas moi graves:

A reiteración por tres veces na comisión de faltas graves.

Artigo 16. SANCIÓNNS.

O incumprimento das prescricións establecidas na presente ordenanza, será constitutivo dunha infracción e determinará, previa instrución do correspondente expediente sancionador, con arranxo ao procedemento establecido na **Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico de administracións públicas e de procedemento administrativo común**, modificada pola **Lei 4/1999, do 13 de xaneiro**, e no **Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora**, aprobado por **Real decreto 1398/93, do 4 de agosto**, a imposición das seguintes sancións que en ningún caso haberán de ser inferiores ao beneficio económico que a infracción supuxese para o infractor.

Faltas leves: Con multa de ata 450 euros.

Faltas graves: Con multa de 451 a 900 euros.

Faltas moi graves: Con multa de 901 a 1.500 euros e revogación da licenza concedida para a instalación, e/ou orde de retirada.

Artigo 17. COMPATIBILIDADE DAS SANCIÓNS.

- 1- A sanción é compatible e independente da legalización, se procedese, e do pago do prezo público e recargas que procedan polo aproveitamento non autorizado.
- 2- Igualmente, se a inspección comprobouse que se está a realizar maior aproveitamento do autorizado, á marxe do que resulte do expediente sancionador que se incoe e de que se obrigue ao interesado a axustar a licenza ás condicións nas que lle foi outorgada, procederase a liquidar a taxa polo exceso de ocupación de espazo público que corresponda ao período en que se mantivo a instalación non autorizada.
- 3- No caso da comisión dunha pluralidade de infraccións tipificadas polo mesmo precepto, sancionárase cada unha delas con carácter independente.

Artigo 18. EQUIPAMENTO E CARACTERÍSTICAS DAS TERRAZAS.

1. O equipamento das terrazas de hostalaría que se autorice no casco histórico e zonas peonís axustarase aos requisitos que se sinalen nesta ordenanza.

Con posterioridade, o Concello pode decidir outras zonas diferenciadas nas que se sinalen un mobiliario específico. Todos os elementos da mesma natureza utilizados nunha terraza serán idénticos en materiais, formas, tamaños e cores. Ningún elemento do mobiliario poderá levar publicidade ou o nome do local.

As características dos elementos que se poden instalar con carácter xeral no casco histórico son:

PARASOIS. A forma do parasol será cadrada ou rectangular, e non terá chafráns nin faldróns. A tea será de cor RAL 1001 (utilízase esta escala cromática de referencia ao non existir ningunha escala utilizada de forma universal para os tecidos). Terán mastro central de aluminio pintado en gris mate ou en madeira a xogo co mobiliario, que se fixará á base mediante tornillería, e a base estará convenientemente lastrada coa fin de evitar que envorque e a succión polo vento. En ningún caso se fixarán ao pavimento. Os parasois terán as mesmas características (forma, tamaño, altura, etc) que as das terrazas contiguas ou do contorno cercano que se axusten ao sinalado nesta ordenanza. Non se permitirá outro tipo de estruturas para protexer a terraza do sol. Se unha terraza se cobre cun toldo de fachada non se utilizarán parasois na mesma terraza.

MESAS. Defínense os seguintes modelos permitidos:

Mesa 1: Estrutura de tubo de aluminio de sección cadrada pintada en cor gris claro mate con catro patas fixas. Mersado cadrado en madeira.

Mesa 2: Estrutura de sección cadrada e mesado cadrado, toda ela de madeira. Poderá ser pregable.

Mesa 3: Mesado de madeira cadrado. Pé en gris rematado en mate de, aproximadamente, 1 m. de altura.

CADEIRAS. Defínense os seguintes modelos permitidos:

Cadeira 1: Estrutura de tubo de aluminio de sección cadrada pintado en cor gris claro mate. Asento e respaldo independentes con lamas de madeira. As lamas (tanto no asento coma no respaldo) poden estar unidas nos seus dous extremos por outras dúas lamas perpendiculares conformando a madeira unha peza unida (unha para o asento e outra para o respaldo) que á súa vez estará enmarcada polo tubo de aluminio polos catro lados. Toda cadeira terá liñas rectas. Poden ter sobrebrazos que serán de madeira.

En asento e respaldo caben outras solucións de madeira que contén con idéntica robustez e rematado coidado, ocultando parafusos e empalmes ou non serrando ocos que dificulten o mantemento.

Cadeira 2: Estrutura completa de madeira de sección cadrada con lamas de madeira en asento e respaldo. Poderá ser pregable e ter brazos.

Cadeira 3 (tallo): Estrutura de sección cadrada de madeira ou de tubo de aluminio pintado en cor gris clara mate con ou sen brazos. Asento e respaldo (opcional) de lamas de madeira.

2. Establécese un prazo de 4 anos para que as terrazas que tivesen autorización en 2010 se adapten ao mobiliario o tipo establecido. Polo tanto, todas as terrazas que soliciten permiso en 2015 deberán axustarse ao mobiliario tipo aquí sinalado ou ao que fose posteriormente aprobado na definición de zonas que se realice.

3. En caso de incumprimento das obrigas establecidas nesta ordenanza, o Concello resérvase o dereito de anular a autorización sen dereito a ningunha indemnización.

En todo caso, os titulares das autorizacións están obrigados a seguir as indicacións que lles formulen os axentes da autoridade no exercicio das súas funcións.

Acordarase a orde de retirada inmediata dos elementos do mobiliario non autorizados, que de non ser cumprida será executada polo persoal municipal no prazo dos 3 días seguintes á recepción polo interesado da orde de retirada, correndo os custos, danos e perdas a costa do infractor.

Non obstante, poderán ser retirados elementos do mobiliario de forma inmediata, sen necesidade de aviso previo, correndo, igualmente, por conta do responsable, se é o caso, os gastos de execución subsidiaria, transporte e almacenaxe, sen prexuízo das responsabilidades que puidesen corresponder cando, a xuízo dos servizos municipais, o elemento ofrezca perigo para os peóns ou para o tráfico rodado, ben pola súa situación, polas súas características ou pola súa deficiente instalación.

DISPOSICION ADICIONAL.

No que non se prevé na presente ordenanza, procederase de conformidade co establecido na normativa vixente aplicable.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente ordenanza fiscal, que se modificou polo Pleno do Concello na súa sesión celebrada o día **25/05/2020**, entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no BOP, e será de aplicación a partir dese mesmo día, ata a súa modificación ou derogación expresas.

